

## Carta da directora

Marilar Aleixandre  
REAL ACADEMIA GALEGA  
marilar@gmail.com

Cen anos despois da súa morte a figura de Emilia Pardo Bazán segue resplandecendo nas súas múltiples faces, ensaísta, editora de revistas e coleccións, polemista, colaboradora na prensa, pioneira feminista, escritora: en suma intelectual de grande pegada. Contados son os escritores e escritoras que resisten deste modo a erosión do tempo; no caso de Pardo Bazán a atención á súa obra e ao seu pensamento, no canto de esmorecer, medra cada día. A revista *La Tribuna* ven contribuíndo a este renovado interese desde a súa fundación en 2003, como parte do compromiso da Real Academia Galega co legado recibido de Blanca Quiroga, filla de quen foi primeira presidenta de honra da institución, e que comprende a Casa de Tabernas, o incomparable arquivo de Pardo Bazán, a súa biblioteca.

A fundación da revista *La Tribuna* foi obra de Xosé Ramón Barreiro Fernández, na altura presidente da RAG. Concibida como unha publicación singular, foi destinada a acoller investigación e alta divulgación sobre a escritora e a súa obra. Os estudos sobre Pardo Bazán teñen unha débeda impagable con Xosé Ramón Barreiro quen, sucedendo ao primeiro director José María Paz Gago, exerceu asemade como director da revista desde 2009 até 2021, achegando como investigador artigos cruciais para o coñecemento da vida e obra da escritora, achegas glosadas neste volume no *In Memoriam* da súa discípula Ana Romero Masiá. Cadrou o seu falecemento, en marzo deste ano, co centenario de Pardo Bazán. O presidente da Real Academia Galega, Víctor Fernández Freixanes e a comisión executiva tomaron a decisión de nomearme como responsábel de actividades da Casa - Museo Emilia Pardo Bazán e da dirección da revista *La Tribuna*. É unha honra e unha grande responsabilidade á que espero corresponder coa colaboración do Consello de Redacción, nomeadamente do director adxunto José Manuel González Herrán e da secretaria Olivia Rodríguez González.

Os fins da revista continúan sendo a publicación e difusión de estudos e novas sobre Emilia Pardo Bazán. En coherencia coas condicións das carreiras académicas neste tempo, centrará tamén os seus esforzos na indexación e no impacto.

Estes dous últimos anos presenciaron algúns fitos relevantes para o legado de Emilia Pardo Bazán. En primeiro lugar a recuperación de Meirás, que o nove de decembro de 2020 retornaba ao dominio público cun acto de grande contido simbólico: na Torre da Quimera a xuíza Marta Canales entregaba as chaves á avogada xeral do Estado Consuelo Castro Rey. A recuperación de Meirás é froito de procesos participativos da sociedade civil en converxencia coas institucións, un exemplo de consenso e diálogo recoñecido

como “Método Meirás”: movementos cívicos, asociacións como a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH), investigadoras e investigadores, a Xunta pro devolución do Pazo –da que a RAG formou parte– impulsada desde a Deputación da Coruña. Porén, ao ser patrimonio público, é a Administración do Estado a única con capacidade de reclamálo ante os tribunais, o que non ocorrera até 2018. Logo de nomear o novo goberno avogada xeral a xurista galega Consuelo Castro Rey, a Avogacía do Estado fixo súa a reivindicación –apoiada polo Parlamento Galego en xullo de 2018–, emprendendo dúas actuacións cruciais, por unha banda localizar o documento da venda ficticia de 1941 aos Franco, en segundo lugar presentar en xullo de 2019 unha demanda contra a familia Franco. A solidez da argumentación levou a xuíza Marta Canales a darlle en todo a razón. Meirás é pois patrimonio público, recuperado no que agardamos sexa un lugar de encontro e diálogo entre a memoria democrática e a casa da escritora, un espazo singular creado por unha intelectual muller nun ámbito reservado aos homes.

Un segundo fito refírese á Biblioteca de Emilia Pardo Bazán: a incoación, a instancias da Real Academia Galega, do procedemento para declárala no seu conxunto ben de interese cultural (BIC) o 25 de novembro de 2020, pendente da aprobación definitiva. A RAG solicitou a declaración de BIC ao lle corresponder a custodia e coidado do patrimonio cultural, da produción intelectual e da memoria de Emilia Pardo Bazán, tanto para os 7883 libros custodiados na RAG, como para os 2972 que se encontran nas Torres de Meirás. En maio de 2021, a solicitude da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, a RAG elaborou asemade un informe sobre a especial relevancia para o patrimonio cultural de Galicia da Biblioteca de Emilia Pardo Bazán, informe solicitado debido á petición por parte da familia Franco de traslado dos libros e outros bens. No informe a RAG subliña a especial relevancia da Biblioteca para o patrimonio cultural de Galicia, constituíndo un conxunto excepcional, un ben de carácter único. Advirte tamén a necesidade de salvagardar os dereitos de acceso público á Biblioteca, tanto para a cidadanía galega como por parte de investigadoras e investigadores. Por último lémbrese o principio de unidade prescrito para os libros que forman parte dunha biblioteca histórica, como é a de Emilia Pardo Bazán.

Son estes fitos que contribúen á preservación do legado, material e inmaterial, de Emilia Pardo Bazán, ao que a revista *La Tribuna* pretende contribuír.

O contido deste número 16, correspondente ao ano 2021, en que conmemoramos o centenario do falecemento da escritora, desenvolvido en detalle no índice, é o seguinte:

- “Xosé Ramón Barreiro Fernández: *In Memoriam*”, da autoría de Ana Romero Masía.
- “Emilia Pardo Bazán cen anos despois”, introdución aos estudos e documentos deste volume, presentados no congreso do mesmo título.
- Estudos: 21 estudos sobre a obra e significación de Pardo Bazán.
- Documentos: Un artigo que achega un documento inédito.
- Noticias sobre Emilia Pardo Bazán: incluíndo un informe sobre as distintas actividades e publicacións con motivo do centenario, e un informe sobre as actividades da Casa - Museo, da autoría de Xulia Santiso.